


Tarefas música 1º e 2º de Primaria

Boas a tod@s, esta semana recordaremos os diferentes parámetros do son que podemos atopar en animais ou obxectos. Para iso, entraremos en:

<http://www.ceiploreto.es/sugerencias/JClic/musinfes/index.html>

A través deste enlace, accederemos a actividades interactivas. Este tipo de actividades interactivas precisan de ter instalado previamente o Adobe Flash (é gratuíto, e a maioría dos ordenadores o teñen instalado xa).

Unha vez entrado na páxina, pulsaremos na frecha rodeada na seguinte imaxe dúas veces, e elixiremos a opción 1.



Unha vez elixida a opción 1, atoparemos diferentes apartados, cada un deles listo para traballar con cada parámetro do son (intensidade, altura, duración...).

Son exercicios de relacionar. Previamente nos poñen un exemplo de como sona cada un, e despois darémoslle á frecha de continuar (a que está rodeada na imaxe anterior) e pasaremos á actividade. Para relacionar clickaremos no obxecto e despois levaremos a frecha ata onde nós digamos e clickaremos no que creamos que é o correcto.

Son exercicios bastante doados pero que necesitan a atención dos nenos e nenas para poder discriminar correctamente os sons que se producen.

P.D.: procurade que o volume do ordenador estea operativo, xa que cada imaxe ten un son ao pulsala.

Moito ánimo e xa queda menos!